



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

06 FEB. 2014

Núm. 18882

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

- 5 FEB. 2014

SAIDA 968

Num.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16341**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e don Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre **“a relación de proxectos económicos, sociais e culturais incluídos na viaxe a Cuba do Sr. presidente da Xunta de Galicia, os acordos acadados en materia de investimento e creación de emprego e os ámbitos de traballo que se van desenvolver, así como as actuacións previstas polo Goberno galego para a superación da denominada posición común da Unión Europea sobre a República de Cuba”**, (publicada no BOPG número 216 do 18 de decembro de 2013), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2013, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre indicar, en primeiro lugar, que a viaxe realizada polo Presidente da Xunta de Galicia a Cuba formou parte dos contidos expostos na comparecencia do Goberno galego para informar sobre os obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado.

A dita comparecencia, con número de rexistro 15462 e solicitada a petición propia en cumprimento do Código Ético Institucional que regula as viaxes oficiais ao exterior dos cargos da Administración autonómica galega, foi debatida na sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, con data do 23 de decembro de 2013.

O Presidente da Xunta de Galicia realizou entre os días 6 e 10 de decembro a súa primeira viaxe institucional a Cuba, co obxectivo primordial de visitar á colectividade

galega residente na illa e reforzar o apoio e a atención ás máis de 38.500 persoas que a compoñen.

Ademais, a visita do Presidente buscou afondar nos lazos históricos e culturais que existen entre Galicia e o país caribeño, así como procurar novas vías para a proxección internacional da nosa economía a través dalgúns dos seus sectores estratéxicos.

Neste marco, o Presidente da Xunta de Galicia reuniuse cos presidentes das entidades galegas na Habana e cos coordinadores da galegitude na illa. Igualmente, afondouse no fomento da colaboración entre as entidades galegas no exterior. Así, o Presidente da Xunta asistiu á sinatura do acordo de unión entre 38 entidades galegas cubanas, unión que representa a folia de ruta que a Xunta quere impulsar para garantir a supervivencia dos centros galegos no exterior ante un mundo cada vez máis globalizado, e que se fixo efectivo coa unión das entidades galegas en Cataluña e se iniciou coa formalización dun acordo de unión en Alemaña.

A axenda económica incluíu a celebración de reunións de carácter económico institucional desenvolvidas polos membros da delegación galega. Neste marco, houbo encontros presididos polo Conselleiro de Economía e Industria nos que participaron empresarios e representantes de clústers galegos e da Cámara de comercio de Santiago, orientados a explorar as posibilidades de negocio e colaboración en sectores clave como o agroalimentario, o do transporte, o de enerxías ou o industrial.

Pola súa banda, mantivéronse tamén encontros nos ministerios de Agricultura e Industria, coa presentación polas autoridades cubanas de distintos proxectos abertos ás empresas galegas interesadas en participar en sociedades mixtas para a produción de bens e maquinaria, ou de colaboración no ámbito da investigación en produtos alimentarios. Ademais, facilitáronse contactos de empresarios/as galegos con representantes do Ministerio de Transporte e das sociedades públicas que xestionan o transporte na cidade da Habana.



En paralelo, a visita do Presidente serviu tamén para afondar no impulso da cultura galega na illa, coa celebración de actos destacados como a presentación de dúas publicacións de temática galego-cubana, a emisión da coprodución galego-cubana de animación 'Meñique' ou a difusión da nosa música a través do grupo 'Milladoiro' no Teatro Nacional de Cuba.

Entre os encontros que mantivo o Presidente da Xunta de Galicia durante a súa viaxe institucional a Cuba, compre subliñar os realizados co Presidente do Consejo de Estado e de Ministros da República, e Primeiro Secretario do Comité Central do PCC, Sr. D. Raúl Castro Ruz, co primeiro vicepresidente do seu Consejo de Ministros, Sr. D. Miguel Díaz-Canel Bermúdez, así como as xuntanzas co Ministro del Comercio Exterior y la Inversión Extranjera, Sr.D. Rodrigo Malmierca Díaz, co Ministro de Cultura, Sr.D. Rafael Bernal Alemany, e co Ministro de Relaciones Exteriores, Sr.D. Bruno Eduardo Rodríguez Parrilla. Asemade, para ter unha visión completa e plural da realidade socio-económica de Cuba, o Presidente galego reuniuse co Presidente da Conferencia Episcopal cubana, monseñor Dionisio García Ibáñez e co cardenal e arcebispo da Habana, Sr. D. Jaime Ortega y Alamino.


Para a organización e realización da referida viaxe oficial, aplicáronse os criterios de proporcionalidade e redución de gastos en materia de protocolo e composición de comitivas de acompañamento, en cumprimento das previsións que a este respecto marca o propio Código Ético Institucional que regula as viaxes oficiais ao exterior dos cargos da Administración autonómica galega, e que a Xunta de Galicia aprobou na pasada lexislatura.

Finalmente, é preciso poñer de relevo que a viaxe realizada enmárcase na estratexia de acción exterior que ven mantendo a Xunta de Galicia na súas relacións con Cuba, nunha liña de continuidade que presidira tanto os mandatos do Sr. Fraga como do Sr. Touriño, quen tamén realizara unha viaxe institucional á illa en decembro de 2007."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia